



# PLAN LECTOR

---

*31-3-2020*

---

## 1. OBXECTIVOS

- Impulsar a aprendizaxe da lectura mediante enfoques integrados, cooperativos, funcionais, socioculturais, prácticos e comunicativos.
- Potenciar o manexo de diversas fontes de información e documentación, de diferentes situacións comunicativas, xéneros discursivos e tipos de textos, en distintos formatos e soportes.
- Integrar o uso da biblioteca na organización do centro e no desenvolvemento das programacións didácticas.
- Favorecer e potenciar a competencia e o hábito lector desde todas as áreas do currículo empregando, entre outros recursos, as tecnoloxías da información.
- Colaborar coas familias e con outras bibliotecas, así como, outras entidades ou institucións que teñan como finalidade a dinamización da lectura e potenciación do hábito lector.

## 1. ACTIVIDADES DE FOMENTO DA LECTURA

A competencia na lectura e escritura defínese como base da aprendizaxe posterior e da interacción lingüística por tratarse de habilidades para identificar, comprender, expresar, crear e interpretar conceptos, sentimentos, feitos e opinións. Por todo isto, o proceso lector é unha fonte de posibilidades para o desenvolvemento da comunicación eficaz e da aprendizaxe permanente.

Deste xeito, desde o centro promoverase a realización de actividades de fomento da lectura vinculadas ó desenvolvemento do propio proceso de ensino-aprendizaxe de todas as áreas. Estas actividades terán diferentes niveis de traballo, combinando aquelas dirixidas á totalidade do alumnado, con outras específicas para cada un dos niveis ou aulas. De xeito xeral, as actividades que se desenvolverán durante o curso para o fomento da lectura son as seguintes:

- Encontros con autores/as, ilustradores/as e contacontos.
- Convocatorias de concursos de contos, debuxos, ilustracións.
- Actividades de comprensión antes, durante e despois da lectura.
- Clubes de lectura.
- Mochilas viaxeiras.
- Lecturas conxuntas.
- Actividades coa participación activa das familias, como contacontos.

- Apadriñamentos e amadriñamentos lectores en diferentes momentos ó longo do curso.

De xeito especial, destacar a organización da hora de ler, con coincidencia para todo o centro, reservando 20 minutos diarios nos que todo o alumnado desenvolve hábitos lectores e o gusto pola lectura.

## **2. ACTIVIDADES DE FOMENTO DA ESCRITURA**

Do mesmo xeito que a lectura permite acercar a información, opinións e experiencias diversas, a escritura supón a expresión das mesmas de xeito único e persoal. Tendo en conta isto, desde todos os niveis que contribúen ó desenvolvemento do proceso educativo (individual, aula e centro), realizaranse actividades que permitan a expresión e a transmisión de ideas, valorando a produción escrita. De xeito xeral, algunhas destas actividades son:

- Adaptación, modificación e creación de contos (contos ao revés, outros finais, cambio de personaxes).
- Creación colectiva de contos, receitas, lendas tradicionais e/ou poemas.
- Creación de revistas, periódicos e/ou cancións, en formato impreso e/ou dixital.
- Actividades de escritura creativa empregando diferentes técnicas: centóns, palíndromos, escritura libre, acrósticos, entre outras.
- Creación de recomendacións lectora ou resumos de libros de lectura.

## **4. ACTIVIDADES PARA O USO, TRATAMENTO E PRODUCCIÓN DA INFORMACIÓN**

A comprensión e produción da información non ten efectividade se non se traballa na selección, tratamento e presentación da mesma, adecuándose ós contextos e situacións reais e significativas de aprendizaxe. Para conseguilo, desde todos os niveis de actuación do centro levaranse a cabo accións que permitan ó alumnado manexar a información de xeito crítico e autónomo. Dentro destas actividades, promoverase a procura de información a través de fontes fiables en diferentes soportes, o tratamento da mesma integrando os coñecementos previos e adquiridos, e a presentación da información a través de diversos medios e recursos, adaptándose ás necesidades.

Desde o centro, cada curso escolar fixarase unha temática para a posta en marcha dun Proxecto Documental Integrado (PDI), seguindo as *Instrucións de desenvolvemento das Bibliotecas Escolares*. Este proxecto desenvolverase a través de diferentes accións en todos os niveis, tal e como se relaciona no resto de documentos do Proxecto Educativo. Para contribuír ó tratamento da información, farase unha selección de recursos tanto impresos (libros de información, de ficción, de procura, novelas, revistas) como dixitais (páxinas webs, blogs, películas) para que todo o centro poida dispoñer deles ó longo de todo o curso. Do mesmo xeito, levaranse a cabo actividades concretas para todo o alumnado que promovan a procura de información e o seu tratamento, a través das actividades concretadas no *Plan Anual de Lectura*. Así mesmo, no desenvolvemento das Programacións Didácticas (PD) incluírase a contribución ó PDI de cada un dos niveis.

Desde a Biblioteca elaboraranse maletas e mochilas viaxeiras para enriquecer o tratamento da información nos diferentes niveis. Confeccionaranse mochilas con material e fontes relacionadas coa temática do PDI, na medida das posibilidades que ofrecen os fondos da biblioteca.

## 5. ORGANIZACIÓN DA CONTRIBUCIÓN Ó PLAN LECTOR

O proceso de lectura e escritura non pode artellarse de xeito illado e sen ter en conta o uso e tratamento da información que se transmite. Todos estes procesos contribúen de forma directa ó desenvolvemento das Competencias clave, sendo un dos principais mecanismos na construción da aprendizaxe.

Tendo en conta esta premisa, non se poden entender as actividades para o fomento e promoción da lectura, escritura e uso e produción da información como accións independentes. Porén, debemos planificalas de xeito consciente e integrado no deseño habitual do proceso habitual de ensino-aprendizaxe.

Para o desenvolvemento destas accións concretaranse actividades no Plan Anual de Lectura, tendo como niveis de actuación o centro e a aula.

- **Actuacións a nivel de centro:** A biblioteca e o Equipo de biblioteca constitúen o principal axente para a xestión e fomento das accións a desenvolver. Desde esta comisión, cada ano, estableceranse actividades específicas e contextualizadas (concursos, procuras na biblioteca, dinamización e uso da biblioteca, clubs de lectura, contacontos, intercambios, entre outras).

Do mesmo xeito, organizaranse actividades para a celebración e conmemoración de datas sinaladas, segundo o establecido no Calendario escolar e contando coa participación e coordinación do resto de comisións

do centro. En todas estas celebracións daráselle especial relevancia ó desenvolvemento de habilidades de comprensión e expresión persoal do alumnado en relación ás temáticas presentadas.

- **Actuacións a nivel de aula:** as accións e actividades destinadas ó fomento das habilidades lecto-escritoras deberán integrarse no deseño e planificación das PD.

Cobra especial importancia a concreción de actividades, tendo en conta as características e intereses de cada un dos grupos, promovendo o traballo conxunto nas diferentes áreas e aproveitando as propostas desde as comisións do centro e o desenvolvemento do PDI.

## 6. REFERENCIAS LEXISLATIVAS E BIBLIOGRÁFICAS

- Plan LIA “Lectura Información e Aprendizaxe” (2016-2020).
- Instrucións de Bibliotecas Escolares.
- Resolución PLAMBE.
- Decreto 105/2014, Currículo de EP.

## 7. APROBACIÓN DO PROXECTO LECTOR

Aprobado con data 31 de marzo de 2020.